

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020271	IES Plurilingüe As Bizocas	O Grove	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES As Bizocas, situado en O Grove. O concello de O Grove, cunha superficie de 21,9 km², ten unha elevada densidade de poboación (514 hab./Km²), cunha combinación de zonas rurais e urbanas, e núcleos de poboación que se atopan bastante fragmentados e dispersos. O nivel de estudos da poboación de 16 ou máis anos de O Grove é baixo en termos relativos se comparámolo cos datos da contorna. Case un 52% non ten o Bacharelato, ESO ou EXB completado. O nivel socioeconómico pódese considerar medio, moi determinado pola pesca, marisqueo e sector turístico.

Con respecto ás características do centro, é un IES pequeno, que só conta con ESO e de liña 2, con menos de 200 alumnos/as. Contamos con 9 aulas ordinarias e 8 específicas, todas elas dotadas de ordenador e proxector, e 5 con pizarra dixital. A conexión a Internet é moi mala e moitas veces é imposible traballar con ela.

O centro atópase inmerso nun proxecto de innovación sobre sostibilidade e saúde (Edu sostible + Edu saúde) con varias vertentes. Unha delas é a de "renaturalización do patio", na que xa se traballou o curso pasado. Isto, unido á necesidade de mellorar o coidado do patio e xardín (o alumnado tira lixo e non respecta todas as plantas), fai que a temática deste proxecto sexa "Facendo máis naturais e saudables o noso patio e xardín".

Outro aspecto salientable sobre as características do entorno, é que o IES As Bizocas se atopa afastado do núcleo urbano do Grove, nun enclave natural e paisaxístico privilexiado. A poucos pasos de nós temos varios ecosistemas bastante ben conservados, gran biodiversidade de flora e fauna autóctona, nos que xa experiencia en actividades de (APS), aprendizaxe por servizo.

Os grupos seleccionados para esta temática son os de 1º ESO, composto por un grupo de 14 alumn@s, (unha aula completa) e outros 15 alumnos e alumnas desdoblados de outras dúas aulas, con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 12 anos.

No grupos hai alumnado repetidor e tamén con NEAE, o cal será tido en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como podemos mellorar o patio e xardín?	Diagnóstico da situación actual e propostas de mellora, planificación das mesmas e previsión de recursos necesarios	20	10	X		
2	Actuamos no noso patio e xardín	Levamos a cabo as diferentes melloras propostas e planificadas.	50	13	X	X	X
3	Que fixemos no patio e xardín?	Presentamos os resultados do noso proxecto ao resto do instituto e da sociedade a través de distintos medios e formatos.	30	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como podemos mellorar o patio e xardín?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer o valor dos elementos naturais do patio e xardín, e a súa importancia para a nosa saúde e a do noso planeta.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a planificación do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Actuamos no noso patio e xardín	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer o valor dos elementos naturais do patio e xardín, e a súa importancia para a nosa saúde e a do noso planeta.	TI	100
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Que fixemos no patio e xardín?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer o valor dos elementos naturais do patio e xardín, e a súa importancia para a nosa saúde e a do noso planeta.	TI	100
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a comunicación do proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Patio e xardín máis naturais e saudables". As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. Todas as sesións serán levadas a cabo ou ben no propio patio e xardín (coñecemento e contacto directo, diagnóstico, actividades de mellora), ou ben na aula de informática (buscas de información, detección de necesidades, temporalización e secuenciación, elaboración de presentacións, podcasts, etc).

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN traballarase na fase de DEFINICIÓN e PLANIFICACIÓN do proxecto:

Farase un diagnóstico do estado do patio e xardín, a través de:

- Visitas a ambos espazos para detectar as accións ou elementos impactantes máis salientables e posibles solucións aos mesmos.
 - Visitas aos ecosistemas máis próximos, por ser conexión inmediata co noso patio e xardín.
- Visitarase a aula de informática para diversas tarefas en grupo:
- Detección de necesidades, obxectivos e accións.
 - Busca de información sobre o problema dos plásticos. Análise da orixe, destino e consecuencias do lixo que abandonamos no patio e xardín.
 - Determinación de necesidades, obxectivos e accións a levar a cabo.

- Secuenciación e temporalización.
- Actividade de previsión e resolución de posibles incidencias.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, levaranse a cabo as accións programadas, na fase de EXECUCIÓN do proxecto, entre elas:

- Colocación de valados en parterres para evitar pisoteos.
- Campañas dentro do IES e en redes sociais para reducir o uso de plásticos e o uso das papeleiras.
- Plantación dalgunha árbore autóctona e dalgunha froiteira.
- Aprender labores de xardinería ecolóxica: abonado co noso compost, eliminación manual de herbas e iniciación á poda.
- Identificación, plantación, etiquetado e investigación sobre plantas aromáticas no noso xardín.
- Elaboración de infusións ou cosméticos a partir das plantas aromáticas do noso xardín.
- Reducir o impacto estético do muro norte, plantando enredadeiras ou pintándoo de verde.
- Rematar o inventariado e etiquetado das plantas do noso xardín.
- Colocación de bancos-xardineira no patio abaldosado.
- Colocación de refuxios para morcegos, paxaros, ourizos ou insectos.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN o alumnado presentará por grupos o seu produto final, levándose a cabo as accións programadas na fase de COMUNICACIÓN do proxecto, entre elas:

- Exposición nos corredores do centro, concello, asociacións culturais.
- Exposición oral ao alumnado de todo o IES, no concello ou ante a sociedade grovense.
- Grabación de vídeos, podcasts, elaboración de presentacións audiovisuais.
- Difusión a través das redes sociais e prensa local.

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente ás seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita na comunicación do proxecto, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita na comunicación do proxecto, comprensión da información, redacción de textos...)
- Bioloxía e Xeoloxía (coñecemento de flora e fauna autóctona, alóctona e invasora., impacto dos plásticos na natureza).
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, impactos ambientais, arquitectónicos e paisaxísticos)
- Matemáticas e Física e Química (cálculo da absorción de CO2 por árbore...).
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto, elaboración de panel interpretativo...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato das presentacións e etiquetas, estudo do impacto visual e estético de distintos elementos).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
-Aula de informática, ordenadores e diferentes programas e aplicacións.
-Caderno ou portfolio
-Entorno natural do patio e xardín
-Aula virtual: Para dispoñer de recursos como vídeos, actividades diversas, entrega e avaliación de traballos.
-Aula da natureza de A Siradella (actividades de educación ambiental que ofertan, xunto cos seus educadores),
-Educadores do Plan Revitaliza sobre compostaxe.
-Ferramentas, luvas... (todo o necesario para labores de xardinería ecolóxica).
-Dispositivos móbiles do alumnado con app para identificar flora ou fauna

-Guías de campo para a identificación de flora e fauna.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases serán o propio entorno exterior do patio e xardín, motivo das melloras, así como a aula de informática, e de forma minoritaria, a aula ordinaria, convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Debido ao escaso número de sesións nesta materia (1 hora semanal), non nos pareceu pertinente levar a cabo unha proba específica de avaliación inicial para esta materia. O método empregado foi pois a recollida de información durante a xuntanza para a avaliación inicial, onde se poñen en común os resultados das probas de avaliación inicial levadas a cabo nas restantes materias. Con esta información, mais a aportada polo Dto. de Orientación, cremos que é suficiente para poder levar a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	50	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Actividades realizadas en cada sesión de clase, relacionadas co diagnóstico, busca de información, detección de necesidades, e planificación do proxecto. Mediante entrega de unha ficha ou remate dunha tarefa grupal en drive ou entrega pola AV.

- SEGUNDA AVALIACIÓN: Actividades realizadas en cada sesión de clase. Dende campañas de concienciación de redución de lixo e coidado do patio e xardín, actividades de busca de información, de elaboración de etiquetas para as plantas do xardín, ata as propias actividades de coidado do xardín e inventariado das plantas, plantación de aromáticas e árbores, aplicacións das aromáticas, integración paisaxística dalgúns elementos...

- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto a través de dossier das accións levadas a cabo durante o proxecto, presentacións, vídeos, podcasts, exposicións orais ao resto do alumando do IES e /ou da sociedade grovense...

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos.

A nota final en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

Recuperación de unha avaliación suspensa:

No caso de que un alumna/o non acade un 5 na avaliación, ben por non realizar as tarefas asignadas ou non cooperar adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que repetir aquelas tarefas con puntuación insuficiente. A nota de ditas tarefas substituirá ás anteriores, e a nota da recuperación será obtida tendo en conta estes novos traballos xunto cos xa superados durante a avaliación correspondente.

Avaliación final cando haxa unha ou máis avaliacións suspensas:

De igual xeito, chegado o mes de xuño, no caso de que unha alumna/o teña unha ou máis avaliacións suspensas, terá a opción de entregar/repetir as tarefas pendentes de cada avaliación suspensa, ou se así o prefire, poderá realizar unha proba escrita final, (correspondente á/ás avaliacións suspensa/s), con preguntas test de resposta única sobre os diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.11 - Concienciación e formación sobre o cambio climático,	X	X	X
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X
ET.14 - Prevención e resolución pacífica de conflitos e rexeitamento de calquera tipo de violencia.	X	X	X
ET.15 - Valores que sustentan aliberdade, xustiza, igualdade, pluralismo, paz, e democracia.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Obradoiros sobre compostaxe	Levados a cabo por educadores do Programa Revitaliza da Deputación
Posible obradoiro de poda	Impartido por algún familiar do alumnado
Entrevista nun medio de comunicación local	Difusión informativa do proxecto.
Exposición en locais socioculturais	Exposición e explicación do proxecto á veciñanza.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo

Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como a programación de aula e/ou un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados